

INSTRUCCIÓN DAS ELECCIÓN C.G.A.

Censo electoral

O censo electoral será exposto publicamente no domicilio e na páxina Web da FEGAN (www.fegan.org).

Para estar incluído no censo electoral é necesario ser Arbitro Territorial en activo e, ademais, estar en posesión de licenza da FEGAN nas dúas últimas tempadas, acreditando a súa participación nas competicións ou actividades de carácter oficial e ámbito territorial.

As reclamacións ao censo electoral deberán formalizarse dentro do prazo previsto no calendario electoral, mediante escrito en modelo oficial (atópase na Web da FEGAN), dirixido ao domicilio social da FEGAN.

Candidatos a presidente/a do CGA.

Os requisitos para ser candidato a Presidente/a do CGA, serán os seguintes:

- Non incorrer en causas de inelixibilidade.
- Estar inscrito no censo electoral.
- Non ter imposta sanción deportiva firme que inhabilite para o desempeño de cargo federativo algún.
- As candidaturas a Presidente/a do CGA, deberán formalizarse polos interesados mediante escrito de presentación, en modelo oficial (atópase na Web da FEGAN), dirixido ao domicilio social da FEGAN, incluíndo a súa filiación, domicilio, veciñanza, data de nacemento, e fotocopia do DNI. con firma autógrafa á marxe.

Mesa electoral

Formarase unha mesa electoral que estará composta polo elector de maior idade, que exercerá de Presidente de mesa, e o de menor idade, que actuará de Secretario de mesa. Non poderán formar parte da mesa os candidatos.

Designaranse como suplentes os electores de maior e menor idade que sigan aos titulares.

A mesa electoral constituirase no domicilio social da FEGAN.

Funcións da mesa electoral

Son funcións da mesa electoral:

- Presidir as votacións.
- Comprobar a identidade dos votantes.
- Recoller as papeletas e introducilas na urna.
- Efectuar o escrutinio e redactar a acta, na que se consignará o número de electores, os votos válidos e nulos, o resultado dos comicios e as incidencias e reclamacións que eventualmente se produzan, así como as manifestacións que, no seu caso, formulen os interventores, de todo o cal dará coñecemento inmediato e puntual á FEGAN. O orixinal do Acta permanecerá nas oficinas da Federación para o seu arquivo.

Votación

O voto efectuarase nas papeletas oficiais elaboradas pola FEGAN, non admitíndose outras.

O sistema de votación desenvolverase da seguinte forma:

- O Secretario comprobará a identidade dos votantes, e o Presidente da Mesa introducirá a papeleta na urna prevista para o caso.
- Rematada a votación persoal, incluídos os membros da Mesa que o farán en último lugar, o Secretario abrirá os sobres recibidos por correo, procedendo o Presidente a introducir na urna o sobre pechado que contén a papeleta do voto.
- Considerarase nula calquera papeleta que inclúa máis nomes que membros a designar, así como a que

conteña nomes que non sexan proclamados candidatos.

- En caso de empate entre dous ou máis candidatos, resolverase o empate a favor do de maior de idade.

Voto por correo

Admitirase o voto por correo para todos aqueles que o soliciten por escrito en modelo oficial (atópase na Web da FEGAN), dirixido ao domicilio social da FEGAN e para ser válido precisará o requisito de terse remitido a través dos servizos postais, de transporte, mensaxería ou calquera outro medio, en sobre pechado.

Para garantir o segredo do voto, utilizarase o sistema de dobre sobre, habilitándose para iso uns sobres especiais que cada elector recibirá no seu domicilio, ou poderá retirar na sé da FEGAN.

O procedemento para exercer o voto será o seguinte:

- Haberá un sobre de menor tamaño no que o elector introducirá a papeleta de voto.
- Unha vez pechado este primeiro sobre, introducirase no segundo sobre xunto coa fotocopia do DNI, con firma autógrafa á marxe.
- Este segundo sobre, onde constará o nome e a firma do elector, remitirase á sede da FEGAN.
- A Mesa Electoral só aceptará os votos por correo que lle foron entregados antes do inicio do recuento.
- O voto en cuestión deberá obrar na sede da FEGAN o día da elección que será o 8 de xaneiro de 2009
- Se unha mesma persoa subscribise dous ou máis votos por correo consideraranse nulos.
- Se un elector acadísese no acto electoral para emitir o seu voto habéndoo efectuado xa por correo, este terase por non recibido.
- Os candidatos poderán designar un interventor, calidade que deberá de acreditarse ante o Presidente da Mesa, e a súa función limitarase a presenciar o acto de votación e do escrutinio, con dereito a que se recollan no acta correspondente as manifestacións que desexe formular sobre o desenvolvemento do acto electoral.
- A designación do interventor se formalizará por escrito, obrigándose a acreditar a súa calidade cando se lle requira.

Escrutinio

Concluída a votación, a Mesa Electoral procederá ao correspondente escrutinio, levantará a acta, especificándose os votos emitidos (válidos, nulos e en branco) que asinarán todos os membros da mesma, así como os interventores designados polos candidatos, se os houberse, e remitirá copia dela á FEGAN, así como o nome da persoa que houberse resultado elixida e aquela procederá á súa proclamación provisional.

Expoñerase, no domicilio social e na páxina Web da FEGAN, o resultado das eleccións.

Os resultados da elección poderán ser impugnados mediante escrito dirixido á FEGAN.

Transcorrido o prazo establecido para estes recursos no calendario electoral, procederase á proclamación do Presidente/a de o Comité Galego de Árbitros.